

Comercio exterior e intracomunitario de Galicia

NOTAS EXPLICATIVAS

1. **Ámbito de investigación**

Ámbito poboacional

O comercio exterior e intracomunitario de Galicia abrangue os intercambios de bens entre Galicia e os países da Unión Europea, excluído España, (introducións e expedicións) e entre Galicia e os países non pertencentes á UE (importacións e exportacións).

Ámbito xeográfico

Considéranse os intercambios nos que a orixe ou o destino da mercancía sexa Galicia (nos intercambios onde a provincia de orixe/destino teña información non válida utilízase a provincia de “domicilio fiscal”)

Ámbito temporal

Ata o 2007 a referencia temporal dos datos provisionais era a data na que se efectuaba o intercambio. A partir do 2008, a referencia temporal é a data na que se rexistra o intercambio no Departamento de Aduanas. Revisáronse os datos provisionais do 2007 para adaptalos a este novo criterio. Este cambio prodúcese coa intención de facer os datos comparables cos que publica o Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

Para os datos definitivos a referencia temporal é a data na que se efectúa o intercambio.

2. **Definicións e aspectos metodolóxicos**

A recollida da información dos intercambios de mercadorías entre Galicia e a UE e con terceiros países efectúaa o Departamento de Aduanas e Impuestos especiales da Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) a través do sistema Intrastat (que se estableceu no ámbito da Unión Europea para coñecer os intercambios de bens entre estados membros unha vez desaparecidas as aduanas) e do Documento Único Aduaneiro (para os terceiros países). Na páxina web da AEAT, no apartado de Aduanas e Impuestos especiales están dispoñibles os ficheiros completos cos datos mensuais dende o ano 2002, ademais de toda a normativa que rexe o sistema de declaracións tanto do sistema Intrastat coma das declaracións co DUA.

No ámbito mundial a clasificación de comercio exterior que se utiliza é o Sistema harmonizado de codificación e designacións de mercancías. A partir de 1993 utilízase a nivel europeo a Nomenclatura Combinada para as clasificacións dos intercambios entre os países membros. A nivel nacional utilízase o TARIC (Arancel Aduaneiro Comunitario Integrado) que utiliza dez díxitos para clasificar cada produto e coincide a 8 díxitos coa Nomenclatura Combinada.

Ademais de clasificar os produtos segundo o TARIC tamén se presentan datos segundo a CNAE-93. No caso da estatística de Comercio exterior e intracomunitario de Galicia non se coñece a actividade principal da unidade que importa/introduce e/ou exporta/expide e o que se fai é establecer unha correspondencia entre os códigos a oito díxitos da Nomenclatura Combinada e os códigos da CPA (Clasificación de produtos por actividade) a catro díxitos (a nivel de clase). Entón non é unha clasificación segundo a actividade das unidades que introducen/importan e/ou expiden/exportan, senón unha agrupación do valor das mercancías en función das clases da CNAE-93. No ano 2008 empézase a utilizar tamén a CNAE 2009 e a partir do ano 2009 utilízase exclusivamente a CNAE 2009.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

Expedicións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluindo o resto de España).

Exportacións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.

Introducións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluindo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Importacións comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xeonomenclatura elaborada por Eurostat e así temos:

Reino Unido: A partir do ano 2021 non inclúe a Irlanda do Norte.

Unión Europea 15: Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Reino Unido, Suecia, avituallamento e combustible no marco dos intercambios comunitarios, países non especificados no marco dos intercambios intracomunitarios e países non especificados por razóns militares no marco dos intercambios intracomunitarios.

Unión Europea 25: Unión Europea 15, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, República Checa.

Unión Europea 27 (desde 2007 ata 2013): Unión Europea 25, Bulgaria e Romanía.

Unión Europea 28: Unión Europea 25, Bulgaria, Romanía e Croacia.

Unión Europea 27 (desde 2020): Unión Europea 28 sen Reino Unido.

Zona Euro: Austria, Bélxica, Alemaña, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Eslovenia, Chipre, Malta, Eslovaquia, Estonia, Letonia e Lituania. avituallamento e combustible no marco dos intercambios comunitarios, países non especificados no marco dos intercambios intracomunitarios e países non especificados por razóns militares no marco dos intercambios intracomunitarios. No ano 2023 incorpórase ao grupo Croacia.

OCDE: UE 15, Australia, Canadá, Illas Cocos, Suíza, Illa Christmas, República Checa, Illa Heard e illas McDonals, Hungría, Islandia, Xapón, Corea, México, Illa Norfolk, Noruega, Nova Celandia, Polonia, Eslovaquia, Turquía, Estados Unidos, Illas Virxes (Estados Unidos). No ano 2010 incorpórase Chile e no ano 2011 incorpóranse Eslovenia, Israel e Estonia. No ano 2017 incorpórase Letonia. No ano 2019 incorpórase ao grupo Lituania. No ano 2021 incorpórase ao grupo Colombia. No ano 2022 incorpórase ao grupo Costa Rica.

OPEP: Emiratos Árabes Unidos, Alxeria, Indonesia, Iraq, Irán, Kuwait, Libia, Nixeria, Qatar, Arabia Saudita, Venezuela. No ano 2007 incorpórase Angola, no 2008 incorpórase Ecuador e no ano 2009 sae do grupo Indonesia. Indonesia volve a entrar na OPEP en 2016. No ano 2017 entra no grupo Gabón e novamente deixa de formar parte do grupo Indonesia. No ano 2018 entra no grupo Guinea Ecuatorial. No ano 2019 sae do grupo Qatar e incorpórase o Congo. No ano 2021 sae do grupo Ecuador.

MERCOSUR: Arxentina, Brasil, Paraguai, Uruguai. A partir de 2013 Arxentina, Brasil, Venezuela, Uruguai. A partir de 2014 Arxentina, Brasil, Venezuela, Uruguai e Paraguai. A partir de 2018 Arxentina, Brasil, Uruguai e Paraguai.

Oriente Medio: Líbano, Siria, Iraq, Irán, Israel, Cisjordania/Franxa de Gaza, Xordania, Arabia Saudí, Kuwait, Bahrein, Qatar, Emiratos Árabes Unidos, Omán, Iemen.

3. Presentación de resultados

Os resultados desta estatística publícanse directamente na páxina web do IGE. Mensualmente, a medida que están dispoñibles na páxina web da AEAT, publícanse datos provisionais das principais magnitudes e anualmente, cando o departamento de Aduanas da AEAT difunde os datos definitivos, publícase a información anual. A información preséntase en dous epígrafes: principais resultados e resultados detallados. Os principais resultados difúndense en táboas estáticas que recollen as importacións/introducións e as exportacións/expedicións, para o total de Galicia para as seccións TARIC e para os principais países e áreas económicas. Nos resultados detallados xa se teñen os datos desagregados por provincias, estes resultados preséntanse en táboas dinámicas de xeito que os usuarios poden seleccionar as variables que lles interesen e facer así táboas personalizadas. Con datos mensuais téñense dúas táboas dinámicas, unha onde se recollen os intercambios para as principais áreas e países e outra para os produtos por seccións e capítulos TARIC. Os datos anuais publícanse con máis desagregación e así, as táboas cruzan os datos por produtos e áreas o que permite obter para un determinado país ou área económica o comercio por produtos (por capítulos TARIC, por CNAE ou por destino económico). Para rematar cos resultados detallados preséntase unha táboa onde se recollen as importacións/introducións e as exportacións/expedicións totais, coa UE 15 e a UE 25 dende o 1988.